



Estimados pais e nais:

Para o vindeiro mércores, **24 de novembro**, a organización *Sindicato de Estudiantes* convocou unha folga no sector do alumnado. Asemade, a ANPA O Castro acordou secundar esta convocatoria para todos os niveis de ensino, desde 1.º ESO ata o Bacharelato.

Tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugardos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, a partir do terceiro curso de ESO, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)

De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria

Comunicámoslles que o alumnado do IES Mugardos anuncia a intención de secundar a folga en escrito dirixido pola Xunta de Delegados á dirección do centro que pode consultar no reverso desta circular. Inclúese tamén o comunicado da ANPA O Castro.

Seguindo o procedemento, a dirección do centro agarda a que os pais e nais do alumnado, incluído nesta ocasión os de 1.º e 2.º ESO, asinen o recibo da información.

Por outra banda, lembramos que **os servizos do centro** (transporte, oficinas, docencia) **funcionarán como todos os días e o profesorado atenderá os alumnos e alumnas que no exercicio do seu dereito decidan asistir a clase.**

O director



COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA
Entregar en secretaría do centro con 24
horas de antelación ao comezo da
folga.

A cubrir pola secretaría do centro

DATA: de de 20.....

Don/a.....DNI.....

en calidade de nai/pai/titor legal de.....









alumno/a do curso..... grupo.....

COMUNICA a recepción desta circular informativa sobre a folga estudantil convocada para o 24 de novembro de 2016.

Asdo:.....

NO CASO DE FACER FOLGA, O SEU FILLO OU FILLA NON DEBERÁ UTILIZAR O TRANSPORTE ESCOLAR NIN DEBERÁ ACUDIR AO INSTITUTO O DÍA SINALADO.

A XUNTA DE DELEGADOS DO IES MUGARDOS DECIDE APOIAR A FOLGA CONVOCADA POLO SINDICATO DE ESTUDANTES DO DÍA 24 DE NOVENBRO coa MOTIVO DE LOITAR CONTRA AS REVÁLIDAS, xa QUE OPINAMOS QUE TERÁN UN EFECTO ACADÉMICO NEGATIVO, POLO QUE NOS POSICIONAMOS NA SÚA CONTRA. A CONTINUACIÓN AS FIRMAS DOS DELEGADOS E SUBDELEGADOS:

3º ESO Delegado 	Δ Subdelegado Cristián	PHOR Delegado 	Subdelegado 
4º ESO Delegado 	Subdelegado 	1º BAC Delegado 	Δ Subdelegado andres
1º BAC B Delegado 	Subdelegado 	2º BAC Delegado Alberto Pérez	Δ Subdelegado ANPORA



ANPA "O Castro"
IES de Mugardos

Monte da Pandoira, s/n
15620 - Mugardos, A Coruña
CIF: G-15244114
e-mail: anpaocastro@hotmail.com

A directiva da ANPA "O Castro" comunica á dirección do IES de Mugardos que a Federación Comarcal de ANPAS de Centros Públicos de Ferrolterra acordou manifestar o seu total apoio ás mobilizacións convocadas para o vindeiro xoves 24 de novembro contra a LOMCE e as reválidas.

A ANPA "O Castro" vólvese a sumar aos acordos adoptados pola Confederación de ANPAS GALEGAS. Facemos un chamamento a todas as familias para que o día 24 as súas fillas e fillos non asistan ás aulas e secunden a folga convocada polas organizacións estudantís.

O Presidente,

Luis Manuel Brage Varela